

PLAN ESTRATÉXICO 2024-2026

FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS



Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	24/01/2025
Aprobado por	Xunta de Facultade	05/02/2025
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno	

Índice

1. Introducción	4
2. Breve historia da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	4
2.1. Orixe do centro	4
2.2. Catálogo actual de titulacións	4
2.3. Grupos de investigación actuais	5
2.4. Sistema de garantía de calidade	6
3. Misión, visión e valores	7
3.1. Misión	7
3.2. Visión	7
3.3. Valores	7
4. Liñas estratéxicas	8
4.1. Introducción ás liñas estratéxicas	8
4.2. Liña estratéxica 1: O estudantado: Formación e participación activa.	9
4.3. Liña estratéxica 2: Recursos humanos: Formación, renovación, innovación e eficiencia.	10
4.4. Liña estratéxica 3: Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable. ..	10
4.5. Liña estratéxica 4: Transferencia efectiva da investigación e do coñecemento e compromiso coa sociedade.	10
4.6. Liña estratéxica 5: Internacionalización e relación con outras universidades	11
5. Diagnose estratéxica	11
5.1. Introducción á diagnose estratéxica	11
5.2. Liña estratéxica 1: O estudantado: Formación e participación activa.	12
5.2.1. Análise DAFO	12
5.2.2. Análise CAME	13
5.3. Liña estratéxica 2: Recursos humanos: Formación, renovación, innovación e eficiencia.	14
5.3.1. Análise DAFO	14
5.3.2. Análise CAME	15
5.4. Liña estratéxica 3: Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable. ..	16
5.4.1. Análise DAFO	16
5.4.2. Análise CAME	17
5.5. Liña estratéxica 4: Transferencia efectiva da investigación e do coñecemento e compromiso coa sociedade.	18
5.5.1. Análise DAFO	18
5.5.2. Análise CAME	19
5.6. Liña estratéxica 5: Internacionalización e relacións con outras universidades	20
5.6.1. Análise DAFO	20

5.6.2.	Análise CAME.....	21
6.	Obxectivos estratéxicos	22
6.1.	Liña estratéxica 1: O estudiantado: Formación e participación activa	22
6.1.1.	Obxectivo estratéxico 1.1: Incrementar o talento a través da atracción de estudiantado con mellores expedientes académicos	22
6.1.2.	Obxectivo estratéxico 1.2: Fomentar a participación activa do estudiantado nas clases e na vida do centro	23
6.1.3.	Obxectivo estratéxico 1.3: Contribuír á formación integral do estudiantado	25
6.1.4.	Obxectivo estratéxico 1.4: Mellorar a empregabilidade dos/as egresados/as ...	28
6.2.	Liña estratéxica 2: Recursos Humanos. Formación, renovación, innovación e eficiencia	29
6.2.1.	Obxectivo estratéxico 2.1: Perseguir a excelencia do PDI en docencia e investigación.....	29
6.2.2.	Obxectivo estratéxico 2.2: Colaborar cos departamentos do centro no proceso de renovación xeracional do PDI.....	31
6.2.3.	Obxectivo estratéxico 2.3: Perseguir a eficiencia e mellora continua na xestión realizada polo PTXAS.....	32
6.2.4.	Obxectivo estratéxico 2.4: Favorecer a formación do PDI e do PTXAS	33
6.3.	Liña estratéxica 3: Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable ...	34
6.3.1.	Obxectivo estratéxico 3.1. Dotar e manter instalacións e equipamento docente	34
6.3.2.	Obxectivo estratéxico 3.2: Optimización do uso dos recursos.....	35
6.3.3.	Obxectivo estratéxico 3.3: Xestión eficiente no ámbito da dirección	36
6.3.4.	Obxectivo estratéxico 3.4: Incrementar a participación do PDI, PTXAS e estudiantado na xestión do centro	38
6.4.	Liña estratéxica 4: Transferencia efectiva da investigación e do coñecemento e compromiso coa sociedade.....	40
6.4.1.	Obxectivo estratéxico 4.1. Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia.....	40
6.4.2.	Obxectivo estratéxico 4.2: Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia da investigación e do coñecemento cara a súa contorna	42
6.5.	Liña estratéxica 5: Internacionalización e relacións con outras universidades.....	43
6.5.1.	Obxectivo estratéxico 5.1: Avanzar no proceso de internacionalización da Facultade.....	43
6.6.	Cadro de mando	46
7.	Desenvolvemento do Plan Estratéxico do Centro	58
7.1.	Comisión ou grupo de traballo responsable de elaboración do Plan Estratéxico do centro.....	58
7.2.	Participación dos grupos de interese na elaboración do Plan Estratéxico do centro.	58

1. Introducción

Este documento constitúe o Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (F. CCEEEE) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o período 2024-2026.

A proposta inicial do Plan foi aprobada pola Comisión de Calidade do centro (CCC) o 24 de xaneiro de 2025. Entre o 24 e o 31 de xaneiro fíxose a exposición pública para asegurar a participación de todos os grupos de interese (proceso PS-06, Información Pública). O Plan foi informado positivamente pola Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e aprobado pola Xunta da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais o 5 de febreiro de 2025. A aprobación final do Plan Estratéxico foi realizada pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o 28 de febreiro de 2025.

Tomando como punto de partida o Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais 2016-2020 e o Acordo de Prórroga do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais 2020-2022, neste documento faise unha fonda reflexión acerca das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que ten actualmente o centro e recóllense as liñas estratéxicas a desenvolver, cos seus correspondentes obxectivos concretos, que deben guiar a xestión da Facultade durante os próximos anos. Nestas liñas estratéxicas plásmanse os avances nos que se debe traballar cara á propia Universidade, ao estudantado, profesorado e persoal técnico de xestión, administración e servizos do centro, ao contorno empresarial e á sociedade en xeral. As liñas estratéxicas que se definen e os obxectivos que as desenvolven están en relación coas liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC, coas liñas estratéxicas do Plan Estratéxico da USC 2024-2026, e coas necesidades e expectativas dos grupos de interese tal e como establece o proceso PE-01 Planificación Estratéxica do manual de procesos do SGC da Facultade.

2. Breve historia da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

2.1. Orixe do centro

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais desenvolve as súas actividades nun edificio con case cincuenta anos de historia que se ampliou en dúas ocasións e está nun proceso de renovación continuado que supón que estea dotado dos espazos e servizos que cobren as necesidades que demanda o estudantado, o profesorado e o persoal de administración e servizos, ademais de ser un edificio coa accesibilidade esixida aos diferentes espazos que o compoñen.

2.2. Catálogo actual de titulacións

O catálogo actual de titulacións de grao e máster da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais é o seguinte:

[Grao en Administración e Dirección de Empresas](#) que se imparte no Campus de Santiago e no Campus de Lugo.

[Grao en Economía](#)

[Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación](#)

[Máster Universitario en Dirección de Empresas](#) que se imparte no Campus de Santiago e no Campus de Lugo.

[Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira](#)

[Máster Universitario en Economía](#) no que participan as tres universidades do SUG e coordina a Universidade de Vigo.

[Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas](#)

O centro ten adscritos os seguintes departamentos:

[Economía Aplicada](#)

[Economía Cuantitativa](#)

[Economía Financeira e Contabilidade](#)

[Fundamentos de Análise Económica](#)

[Organización de Empresas e Comercialización](#)

Adicionalmente, os seguintes departamentos teñen docencia nos graos do centro:

[Ciencia Política e Socioloxía](#)

[Dereito Pública Especial e da Empresa](#)

Programas de doutoramento:

[Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial](#)

[Programa de Doutoramento en Economía e Empresa](#)

[Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica](#)

2.3. Grupos de investigación actuais

Os grupos de investigación asociados aos departamentos adscritos á Facultade son os seguintes:

Departamento de Economía Aplicada:

[Economía Agroalimentaria e Medioambiental, Desenvolvemento Rural e Economía Social](#)

[Economía Pesqueira e Recursos Naturais](#)

[Grupo de Estudos de Historia Empresarial e Sectorial. Pesca, Industria e Comercio](#)

[Innovación, cambio estrutural e desenvolvemento](#)

Departamento de Economía Cuantitativa

[Econometría e Estudos Cualitativos de Desenrolo Económico Europeo e Internacional](#)

[Economía Ecolóxica e dos recursos naturais](#)

[Modelización Econométrica e Medición da Eficiencia-Produtividade](#)

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade

[Valoración financeira aplicada](#)

Departamento de Fundamentos de Análise Económica

[Análise Económica dos Mercados e Institucións](#)
[Grupo de Análise e Modelización Económica](#)
[Grupo de Análise xurídico-económica](#)

Departamento de Organización de Empresas e Comercialización

[Persoas, Organizacións Sostibles e Marketing](#)

2.4. Sistema de garantía de calidade

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario. Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico) a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC) marcándose como principal obxectivo do mesmo o desenvolvemento de programas formativos (graos e másteres) que estean avalados pola calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

O Equipo Directivo do centro, así como a súa Comisión de Calidade, teñen un forte compromiso coa materialización das Accións de Mellora, tanto daquelas máis inmediatas, de cumprimento anual, como daquelas outras proxectadas cun carácter temporal máis dilatado.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o primeiro Sistema Marco de Garantía de Calidade en decembro de 2009 e de seguido comezou a instauración destes sistemas en tódolos seus centros.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade en maio de 2010, como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese.

No curso 2017/2018 o centro procedeu a adaptar o SGC ao novo documento marco do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e ao novo Manual de Procesos, aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación de Consello de Goberno o 22/02/2018. Estes manuais foron aprobados pola Xunta de Facultade o 12 de xullo de 2018 e pola Comisión de Calidade e Planificación de Consello de Goberno o 21 de setembro de 2018 (curso 2018/2019). O regulamento de réxime interno foi modificado o 19 de outubro de 2018, aprobada a modificación en Xunta de Facultade e ratificado polo Consello de Goberno da USC o 9 de novembro de 2018. Toda a documentación relacionada co SGC da Facultade atópase no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/calidade>

O centro obtivo a certificación da implantación do SGC o 15 de decembro de 2020 e a Acreditación Institucional o 26 de abril de 2021.

3. Misión, visión e valores

3.1. Misión

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela ten como misión a transmisión e difusión do coñecemento de xeito socialmente responsable, coa finalidade de formar a futuros profesionais con profundos coñecementos teóricos e prácticos, capaces de xestionar todo tipo de empresas e institucións, satisfacendo as necesidades do mercado laboral neste ámbito, e comprometidos co desenvolvemento socioeconómico sostible mediante programas de ensino de calidade. Ademais, é unha Facultade comprometida coa investigación para mellorar a comprensión da realidade económica e favorecer o progreso da sociedade.

3.2. Visión

- ✓ Manter un forte compromiso coa formación de máxima calidade, propoñendo unha oferta de estudos adaptada ás necesidades do tecido empresarial e da sociedade enxeral.
- ✓ Establecer vínculos de colaboración co mundo empresarial co obxecto de mellorar a formación académica do estudiantado e facilitar a súa incorporación ao mercado laboral.
- ✓ Promover unha investigación orientada á transmisión de coñecementos para mellorar o desenvolvemento económico e social da nosa contorna.

3.3. Valores

- ✓ Promoción dun entorno de traballo respectuoso cos/cas empregados/das da Facultade.
- ✓ Desenvolvemento do traballo con responsabilidade.
- ✓ Respecto aos dereitos de todas as persoas e, en particular, do noso estudiantado e dos/das traballadores/ras.
- ✓ Procura permanente da excelencia en todas as actividades do centro.
- ✓ Compromiso coa transparencia, a eficiencia e a eficacia na xestión dos recursos.
- ✓ Compromiso cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida.
- ✓ Compromiso cun desenvolvemento sostible e respectuoso co medioambiente.
- ✓ Compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao desenvolvemento social e económico de Galicia.
- ✓ Promoción do traballo en equipo e en base a proxectos.
- ✓ Contacto continuo co tecido empresarial máis próximo.
- ✓ Compromiso de servizo á sociedade.
- ✓ Impulso á igualdade de xénero na Facultade e eliminación de todo comportamento discriminatorio.

4. Liñas estratéxicas

4.1. Introducción ás liñas estratéxicas

O Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais 2024-2026 (PE-F.CCEEEE) está integrado por cinco liñas estratéxicas en consonancia coas liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC, coas liñas estratéxicas do Plan Estratéxico da USC 2024-26 e coas necesidades e expectativas dos grupos de interese tal e como establece o proceso PE-01 Planificación Estratéxica do manual de procesos do SGC da Facultade. Na Táboa 1 móstrase a correlación entre as liñas estratéxicas dos Plans Estratéxicos da USC e da Facultade, concretando os obxectivos estratéxicos que se desenvolverán no PE da F.CCEEEE en cada liña do PE-USC. Isto demostra unha clara conexión entre eles e a contribución da Facultade para acadar os obxectivos establecidos pola USC para o período 2024-26.

Táboa 1. Relación entre as liñas estratéxicas dos Plans Estratéxicos da USC e da F.CCEEEE

LIÑAS ESTRATÉXICAS USC	LIÑAS ESTRATÉXICAS F. CCEEEE
LE 1 - O estudantado e a comunidade universitaria	LE 1 - O estudantado: Formación e participación activa OE 1.1. Incrementar o talento a través da atracción de estudantado con mellores expedientes académicos. OE 1.2. Fomentar a participación activa do estudantado nas clases e na vida do centro. OE 1.3. Contribuír á formación integral do estudantado. OE 1.4. Mellorar a empregabilidade dos/as egresados/as.
LE 2 - A formación e a docencia no novo contexto	LE 1 - O estudantado: Formación e participación activa OE 1.1. Incrementar o talento a través da atracción de estudantado con mellores expedientes académicos. OE 1.2. Fomentar a participación activa do estudantado nas clases e na vida do Centro. OE 1.3. Contribuír á formación integral do estudantado. OE 1.4. Mellorar a empregabilidade dos/as egresados/as.
LE 3 - Os retos na política de persoal	LE 2 - Recursos humanos: Formación, renovación, innovación e eficiencia OE 2.1. Perseguir a excelencia do PDI en docencia e investigación OE 2.2. Colaborar cos departamentos do centro no proceso de renovación xeracional do PDI. OE 2.3. Perseguir a eficiencia e mellora continua na xestión realizada polo PTXAS. OE 2.4. Favorecer a formación do PDI e do PTXAS.
LE 4 - A Investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar	LE 4 - Transferencia efectiva da investigación e do coñecemento e compromiso coa sociedade OE 4.1. Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia. OE 4.2. Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia de coñecemento cara a súa contorna.

LE 5 - A senda da internacionalización	<p>LE 5 - Internacionalización e relación con outras universidades</p> <p>OE 5.1. Avanzar no proceso de internacionalización da Facultade.</p>
LE 6 - A procura de infraestruturas ecoeficientes	<p>LE 3- Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable</p> <p>OE 3.1. Dotar e manter instalacións e equipamento docente.</p> <p>OE 3.2. Optimización do uso dos recursos.</p> <p>OE 3.3. Xestión eficiente no ámbito da dirección.</p> <p>OE 3.4. Incrementar a participación do PDI, PTXAS e estudiantado na xestión do centro.</p>
LE 7 - A USC na era da transformación dixital	<p>LE 3- Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable</p> <p>OE 3.1. Dotar e manter instalacións e equipamento docente.</p> <p>OE 3.2. Optimización do uso dos recursos.</p> <p>OE 3.3. Xestión eficiente no ámbito da dirección.</p> <p>OE 3.4. Incrementar a participación do PDI, PTXAS e estudiantado na xestión do centro.</p>
LE 8 - A xestión eficiente dos recursos	<p>LE 3- Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable</p> <p>OE 3.1. Dotar e manter instalacións e equipamento docente.</p> <p>OE 3.2. Optimización do uso dos recursos.</p> <p>OE 3.3. Xestión eficiente no ámbito da dirección.</p> <p>OE 3.4. Incrementar a participación do PDI, PTXAS e estudiantado na xestión do centro.</p>

4.2. Liña estratéxica 1: O estudiantado: Formación e participación activa

O obxectivo desta liña é seguir traballando para atraer ao mellor estudiantado posible. En termos xerais, nas titulacións do centro non existe un problema de captación de estudiantado no sentido de que se cobren as prazas ofertada. Sen embargo, aínda hai marxe de mellora no que se refire á nota media de expediente do estudiantado que accede ás titulacións do centro.

Por outra banda, este obxectivo tamén responde á necesidade de construír unha Facultade con maiores cotas de participación por parte do estudiantado, dinamizar a vida do centro e promover unha visión máis integral da educación con actividades de formación complementaria que van máis aló da docencia regulada ao tempo que se promove a asistencia regular ás clases.

Con estes fins, garantir que as titulacións de centro se manteñan ao nivel das novas demandas é esencial.

Esta liña estratéxica concrétase nos seguintes obxectivos estratéxicos:

1. Incrementar o talento a través da atracción de estudiantado con mellores expedientes académicos.
2. Fomentar a participación activa do estudiantado nas clases e na vida do centro.
3. Contribuír á formación integral do estudiantado.
4. Mellorar a empregabilidade dos/as egresados/as.

4.3. Liña estratéxica 2: Recursos humanos: Formación, renovación, innovación e eficiencia

Esta liña estratéxica reflexa a busca pola excelencia do PDI tanto no ámbito da docencia como no da investigación e a necesidade de dar visibilidade aos logros acadados, así como a importancia de traballar conxuntamente cos departamentos no proceso de renovación xeracional. Ademais, recolle tamén a procura da mellora continua na xestión eficaz e eficiente do PTXAS, persoal esencial para o correcto funcionamento do centro.

Esta liña estratéxica concrétase nos seguintes obxectivos estratéxicos:

1. Perseguir a excelencia do PDI en docencia e investigación.
2. Colaborar cos departamentos do centro no proceso de renovación xeracional do PDI.
3. Perseguir a eficiencia e mellora continua na xestión realizada polo PTXAS.
4. Favorecer a formación do PDI e do PTXAS.

4.4. Liña estratéxica 3: Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable

Este obxectivo está estreitamente vinculado á necesidade de manter e mellorar constantemente os espazos físicos onde se levan a cabo as actividades docentes, de investigación e de xestión do centro, así como as infraestruturas dispoñibles neles.

Ademais, en consonancia coa Programación Plurianual da USC 2023-26, identifícase a necesidade de crear novos espazos de encontro e convivencia para o estudantado, o que mellorará a súa integración no centro e, como resultado, aumentará a súa participación en todas as actividades da Facultade. Así mesmo, para garantir un ensino de calidade para o noso estudantado, é fundamental renovar periodicamente o equipamento do centro.

Por outra banda, a participación dos distintos colectivos que conforman a comunidade universitaria na xestión do centro é garantía do bo funcionamento do mesmo, polo que resulta fundamental traballar en prol de incrementala.

Esta liña estratéxica concrétase nos seguintes obxectivos estratéxicos:

1. Dotar e manter instalacións e equipamento docente.
2. Optimización do uso dos recursos.
3. Xestión eficiente no ámbito da dirección.
4. Incrementar a participación do PDI, PTXAS e estudantado na xestión do centro.

4.5. Liña estratéxica 4: Transferencia efectiva da investigación e do coñecemento e compromiso coa sociedade

Esta liña estratéxica é vital para o posicionamento e relevancia da Facultade no contexto actual. Concrétase nun conxunto de obxectivos que atinxen diferentes ámbitos.

A presenza da Facultade en redes sociais permite compartir a actividade do centro, a realización de eventos e información de interese con diferentes colectivos, coa comunidade docente e investigadora, co estudantado, con empregadores/as e coa sociedade en xeral.

Por outra banda, é fundamental a colaboración co ámbito empresarial e institucional, tanto dende o punto de vista do establecemento de convenios de prácticas como para achegar esa realidade ao noso estudantado ou de cara á inserción laboral.

Por último, a difusión e divulgación da investigación e dos logros do PDI do centro ao exterior contribúe a achegar a Universidade á sociedade.

Esta liña estratéxica concrétase nos seguintes obxectivos:

1. Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia.
2. Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia da investigación e do coñecemento cara a súa contorna.

4.6. Liña estratéxica 5: Internacionalización e relación con outras universidades

Esta liña estratéxica responde á necesidade de potenciar e promover a mobilidade tanto de estudantado como de profesorado e PTXAS do centro así como de traballar para que o centro sexa un destino atractivo e amigable para o estudantado de mobilidade entrante.

Esta liña estratéxica concrétase no seguinte obxectivo:

1. Avanzar no proceso de internacionalización da Facultade.

5. Diagnose estratéxica

5.1. Introducción á diagnose estratéxica

Para a elaboración do Plan Estratégico é imprescindible realizar unha diagnose da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. A análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) é a ferramenta estratéxica por excelencia para reflexionar sobre a situación real na que se atopa unha organización, así como sobre os seus riscos e oportunidades futuras. Ademais, axuda a expor posibles liñas estratéxicas para aproveitar as oportunidades detectadas, facer fronte ás posibles ameazas, tendo en conta os puntos fortes e débiles do noso centro.

A continuación preséntase a avaliación da situación actual do centro mediante unha análise DAFO e a prospectiva da situación futura, como orientación da estratexia a seguir, mediante unha análise CAME (corrixir, afrontar, manter e explotar) na que participaron o equipo decanal, a comisión de calidade e os diferentes grupos de interese.

5.2. Liña estratéxica 1: O estudantado: Formación e participación activa

5.2.1. Análise DAFO

Fortalezas	Debilidades
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Prestixio dos títulos ofertados pola Facultade/Universidade. ✓ Aumento da nota media de acceso do estudantado. ✓ Porcentaxe elevado de estudantado que escolle como primeira opción as titulacións do centro. ✓ Satisfacción e boa valoración xeral dos títulos polo estudantado. ✓ Posibilidade de intercambio con universidades nacionais e estranxeiras e alta oferta de prácticas en empresas a dispoñibilidade do estudantado, tanto de grao como de Máster. ✓ Vínculo con estudantado egresado con anos de experiencia e que ocupan postos de relevancia pública e prestixio profesional. ✓ Experiencia e traxectoria do PDI do centro. ✓ Valor de marca (traxectoria e historia formativa no ámbito da xestión empresarial). Segundo o ranking de Shanghai, o ámbito de Administración de Empresas da USC entra no grupo das 201-300 mellores do mundo e entre a 6-9 de España. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Nota de corte das titulacións de grao non moi elevada. ✓ Escasa motivación e curiosidade académica por parte do estudantado, que leva a unha reducida implicación nas actividades académicas. ✓ Alta taxa de abandono nos primeiros cursos das titulacións de grao. ✓ Carencias nas competencias transversais valoradas polo mercado laboral. ✓ Escaso coñecemento do estudantado en relación coas actividades extracurriculares non obrigatorias. ✓ Dificultade para implantar dobres títulos co Grao en ADE, derivada de compartir o título con Campus de Lugo
Oportunidades	Ameazas
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Demanda do mercado laboral de estudantado con formación económico-empresarial. ✓ Demanda de estudantado estranxeiro para programas de doutoramento e máster. ✓ Maior número de actividades culturais e deportivas no ámbito da USC. ✓ Plan de igualdade da USC e iniciativas para desenvolver a cultura de igualdade e introducir a perspectiva de xénero coordinadas e elaboradas pola Oficina de Igualdade de Xénero. ✓ Posibilidades que ofrece o emprego responsable da intelixencia artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Posibilidade de perda de estudantado por non ofertar dobres titulacións ou materias noutros idiomas. ✓ Potencial diminución de estudantado debido á evolución da pirámide poboacional. ✓ Dependencia, para a realización das prácticas externas curriculares en todos os títulos da Facultade da dispoñibilidade e a vontade de colaboración dos centros de prácticas ✓ Oferta dos mesmos títulos noutras universidades galegas, e dentro da mesma universidade noutros campus. ✓ Nova oferta de títulos privados en Galicia ou por centros de ensino profesional. ✓ Oferta académica flexible por parte da universidade a distancia e de títulos ofertados de forma non presencial por outras universidades.

5.2.2. Análise CAME

	Oportunidades	Ameazas
	Estratexias de reforzo (manter fortalezas)	Estratexias correctoras (corrixir debilidades)
Fortalezas	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Aproveitar a experiencia do PDI e o atractivo do centro e da Universidade para establecer vías que conecten coa Educación Secundaria, presentándose como primeira opción para a continuación dos seus estudos. ✓ Aproveitar a figura do estudiantado titor para transmitir a boa valoración xeral do centro e das titulacións ao estudiantado entrante. ✓ Seguir traballando para ofrecer unha ampla oferta de prácticas externas ao estudiantado. ✓ Aproveitar a relación co estudiantado egresado xa inserido no mercado laboral para establecer vías de colaboración co centro. ✓ Potenciar o valor de marca do centro a través da difusión de actividades polas diferentes canles dispoñibles. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Empregar a nosa capacidade de difusión para visibilizar o atractivo e actividade do centro para competir con outras titulacións. ✓ Incrementar a oferta de iniciativas formativas non curriculares que complementen a formación regulada e intentar vinculalas ás diferentes materias. ✓ Traballar no establecemento de horarios que faciliten ao estudiantado a asistencia a actividades formativas de carácter transversal. ✓ Dar difusión aos títulos de grao e máster do centro a través da celebración de xornadas ou de comunicacións en redes sociais.
Debilidades	<p>Estratexias de acción (explotar oportunidades)</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Aproveitar o maior número de actividades culturais/deportivas na USC e engadilas a unha maior oferta de actividades deste tipo propias do centro para revitalizar a participación do estudiantado na vida universitaria. ✓ Implicar ao estudiantado estranxeiro na vida do centro a través da posta en marcha de actividades enfocadas ao coñecemento doutras culturas e países. ✓ Implantar a modificación dos graos en ADE e Economía. ✓ Aproveitar os servizos dispoñibles na USC para formar en igualdade e inclusión. ✓ Formar no uso responsable da intelixencia artificial. 	<p>Estratexias de supervivencia (afrontar ameazas)</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Fomentar a implicación dos potenciais centros de prácticas a través da colaboración con actividades no centro e da participación no Comité Consultivo. ✓ Fomentar a implicación e participación do estudiantado na Facultade a través de actividades de dinamización. ✓ Potenciar a presenza da Facultade nas redes sociais para afrontar a competencia das novas titulacións ✓ Destacar a diferenciación dos títulos do centro fronte titulacións doutras universidades.

5.3. Liña estratéxica 2: Recursos humanos: Formación, renovación, innovación e eficiencia

5.3.1. Análise DAFO

Fortalezas	Debilidades
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Alto nivel de cualificación do profesorado, tanto en formación docente como no labor investigadora, nos ámbitos das materias que se imparten nos programas formativos do centro. ✓ Porcentaxe de PDI con sexenio sobre PDI total por encima do 70%. ✓ PTXAS cualificado, motivado e implicado. ✓ Unidade centralizada de xestión no centro. ✓ O centro conta cun punto de servizo de Biblioteca, dotado de infraestrutura, amplos recursos e persoal capacitado para servir de apoio á docencia, a aprendizaxe e a investigación, especialmente a través da formación en competencias informacionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Baixa participación do PDI nas actividades de formación promovidas polo programa de formación e innovación docente da USC. ✓ Escasa participación do PDI nos órganos de Xestión. ✓ Excesiva carga docente dos departamentos do centro que impide a aplicación das horas docentes equivalentes, diminuindo a dispoñibilidade de tempo para investigación.
Oportunidades	Ameazas
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Plans de formación orientados ao PDI e posibilidade de solicitude a demanda do centro. ✓ Posibilidade de contar con profesorado do ámbito profesional a través da figura de profesorado asociado. ✓ Amplo número de programas formativos orientados a PTXAS. ✓ Plan de igualdade da USC e iniciativas para desenvolver a cultura de igualdade e introducir a perspectiva de xénero coordinadas e elaboradas pola Oficina de Igualdade de Xénero. ✓ Posibilidades que ofrece o emprego responsable da intelixencia artificial na docencia e na investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Envellecemento do persoal docente sen un plan específico de reposición que pode afectar á calidade da docencia e da investigación. ✓ Elevada rotación do profesorado que se atopa nas fases iniciais da carreira docente. ✓ Potencial rotación do PTXAS.

5.3.2. Análise CAME

	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	Estratexias de reforzo (manter fortalezas)	Estratexias correctoras (corrixir debilidades)
	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Dar visibilidade e difusión aos logros do PDI do centro a nivel docente e investigador. ✓ Dar visibilidade aos avances en eficacia e eficiencia na xestión desenvolvida polos PTXAS. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Fomentar a participación do PDI e PTXAS nas actividades de formación promovendo a celebración de cursos de interese para o centro. ✓ Fomentar a participación do PDI en programas de mobilidade insistindo na difusión dos mesmos. ✓ Fomentar a participación do PDI e do PTXAS na xestión do centro perseguindo a transparencia.
Debilidades	Estratexias de acción (explotar oportunidades)	Estratexias de supervivencia (afrontar ameazas)
	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Demandar á USC a creación de novas prazas PDI e de estabilización e promoción do actual profesorado. ✓ Aproveitar os servizos dispoñibles na USC para formar en igualdade e inclusión ao persoal do centro. ✓ Demandar formación no uso responsable da intelixencia artificial na docencia e na investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Buscar a asignación estable de PTXAS e PDI ao centro.

5.4. Liña estratéxica 3: Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable

5.4.1. Análise DAFO

Fortalezas	Debilidades
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Filosofía de mellora continua. Alta implicación do equipo decanal do centro e da Comisión de Calidade no deseño e posta en marcha do Sistema de Garantía de Calidade. ✓ Cultura enfocada ao aproveitamento dos recursos e a reutilización. ✓ Dimensión do centro adaptada aos cambios da contorna. ✓ Alta colaboración con e entre o PTXAS. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Necesidade de incrementar a participación do estudiantado, do PDI e do PTXAS na xestión do centro. ✓ Reducida dispoñibilidade de recursos económicos para levar a cabo distintas accións. ✓ Necesidade de avanzar na xestión documental no ámbito directivo. ✓ Elevado número de comisións.
Oportunidades	Ameazas
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Existencia de canles virtuais e non presenciais de participación en enquisas e xuntanzas que poden facilitar a implicación en procesos consultivos. ✓ Existencia de plataformas de xestión documental compartida e traballo colaborativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Excesiva complexidade dos procedementos de xestión e elevado número de actividades que dificultan a implicación de todos os grupos de interese. ✓ Plan de Financiamento da Universidade restritivo que limita e dificulta a xestión da Facultade pola escaseza de recursos económicos para facer determinadas melloras.

5.4.2. Análise CAME

	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	Estratexias de reforzo (manter fortalezas)	Estratexias correctoras (corrixir debilidades)
	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Seguir a investir na actualización e humanización das infraestruturas para mellorar a súa sostibilidade e aproveitamento. ✓ Establecer vías de mellora en colaboración con PTXAS. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Revisar a funcionalidade das comisións do centro. ✓ Avanzar na xestión documental no ámbito directivo. ✓ Fomentar a participación dos diferentes colectivos nos órganos de xestión.
Debilidades	Estratexias de acción (explotar oportunidades)	Estratexias de supervivencia (afrontar ameazas)
	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Potenciar o emprego de ferramentas online de traballo colaborativo entre os membros do equipo decanal e o PTXAS. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Diseñar protocolos, procedementos e ferramentas que permitan simplificar a realización de actividades burocráticas ou de xestión. ✓ Planificación orzamentaria exhaustiva buscando unha porcentaxe de execución próxima ao 100%.

5.5. Liña estratéxica 4: Transferencia efectiva da investigación e do coñecemento e compromiso coa sociedade

5.5.1. Análise DAFO

Fortalezas	Debilidades
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Amplo número de convenios de prácticas con empresas. ✓ Alta consideración polo tecido empresarial do estudiantado formado no centro. ✓ Relacións coas institucións e asociacións empresariais intensas. ✓ Forte vinculación co mundo empresarial (prácticas externas, comité consultivo do centro) ✓ PDI con experiencia no ámbito profesional contribuíndo á sinerxía entre o mundo académico e profesional. ✓ O PDI desenvolve proxectos de investigación relevantes e con impacto social e no tecido produtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Necesidade de avanzar na difusión ao exterior das actividades docentes e investigadoras desenvolvidas polo PDI do centro. ✓ Necesidade de formalizar a comunicación realizada dende o centro. ✓ Necesidade de avanzar na difusión dos beneficios do acceso aberto para as comunicacións científicas.
Oportunidades	Ameazas
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Vínculos universidade-empresa a través de programas de mentoring. ✓ O repositorio institucional da USC Minerva, creado para albergar, difundir e preservar os documentos dixitais resultantes das actividades de investigación e docencia da USC, facilita a difusión dos resultados da investigación realizada na USC e incrementa o seu impacto e visibilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Entorno e demandas cambiantes. A contorna esixe unha adaptación continua dos contidos e programas formativos. ✓ Escaseza de fontes de financiamento para levar a cabo iniciativas colaborativas estables no tempo.

5.5.2. Análise CAME

	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	Estratexias de reforzo (manter fortalezas)	Estratexias correctoras (corrixir debilidades)
